

Á MESA DO PARLAMENTO DE GALICIA

O **Grupo Parlamentar da Alternativa Galega de Esquerda**, por medio das súas deputadas **Yolanda Díaz Pérez** e **Eva Solla Fernández**, ao abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **proposición non de lei para o seu debate no Pleno**, relativa á residencia de maiores de Caranza en Ferrol.

Exposición de motivos

“Que os trámites pendentes para a resolución do contrato vixente e os que resulten necesarios para abordar as obras pendentes se tramiten coa maior dilixencia e rapidez posibles, dada a súa necesidade e o retraso acumulado.” Desta maneira tan diáfana exprésase o Valedor do Pobo na súa conclusión respecto da queixa formulada polo Comité de Empresa de Traballo e Benestar da Coruña, relativa aos retrasos nas obras da residencia de maiores de Caranza en Ferrol.

A única residencia de xestión pública das comarcas de Ferrolterra, Eume e Ortegal, área que comprende unha poboación de 200.000 habitantes, resta coas obras suspendidas dende xuño do ano 2014. No entanto quedaron inutilizadas dúas plantas da residencia coa merma de praza públicas que iso comporta e os custos de derivación aos centros privados.

Esta suspensión das obras derívase dun fallido proxecto de reforma das súas instalacións por importe de 1,6 millóns de euros, que tentaba agochar un non nato proxecto de modernización do centro -moito máis ambicioso para renovar unha residencia de case 40 anos de antigüidade- que morreu coa chegada de Núñez Feijóo á presidencia da Xunta.

Hoxendía, como vimos denunciando de xeito reiterado dende AGE, o centro ten dúas plantas inutilizadas, 26 persoas derivadas a outros centros -cos trastornos engadidos para elas e as súas familias e amizades- e cos custos económicos correspondentes para a administración pública, e con evidentes riscos en materia de seguridade, toda vez que por exemplo non existe na actualidade unha escaleira de incendios ou medio semellante de evacuación.

Polo referido, o grupo parlamentario da AGE presenta a seguinte proposición non de lei para o seu debate no Pleno:

- O Parlamento Galego insta á Xunta a rematar con carácter de urxencia todos os trámites e as obras que permitan concluír a renovación parcial da residencia de maiores de Caranza en Ferrol.
- O Parlamento Galego insta ao goberno da Xunta a desenvolver as actuacións de emerxencia para garantir a seguridade das persoas residentes e persoal traballador do centro.
- O Parlamento Galego insta a Xunta a reprobar a pésima xestión da conselleira Beatriz Mato no expediente de reforma da residencia de Caranza, a causa dos prexuízos e trastornos causados aos residentes e as súas familias, a maiores expostos a unha negligente falla de seguridade, e polos custos engadidos ás arcas públicas.

En Compostela, a 7 de setembro do 2015.

Asdo. Yolanda Díaz Pérez

Asdo. Eva Solla Fernández

Asinado dixitalmente por:

Yolanda Díaz Pérez na data 07/09/2015 14:45:28

Eva Solla Fernández na data 07/09/2015 14:45:33